

Transportes, sobre a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Teo, aprobado polo pleno o 16-10-2009.

14. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, mediante Orde de 27-1-2010 acordou, de conformidade co disposto no artigo 85.5º b) da LOUG, non outorgar a aprobación definitiva do PXOM de Teo, por non se teren corrixido todas as deficiencias que se sinalaban na Orde de 11-2-2009.

15. O arquitecto municipal emitiu informe técnico sobre a aprobación provisoria do PXOM do Concello de Teo o 4-3-2010.

16. A Secretaría municipal emitiu informe xurídico no 9-4-2010.

17. O Concello Pleno de Teo aprobou provisoria o 20-4-2010 o documento refundido definitivo do PXOM, denominado Documento de cumprimento da Orde do 27-1-2010 da CMATI; con data do 5-5-2010 o remiteu a esta consellería tres exemplares do plan xeral para resolver sobre a súa aprobación definitiva.

## II. Informe.

Visto o texto refundido do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Teo denominado tecnicamente Documento de cumprimentación da Orde de 27-1-2010 da CMATI identificado con data de abril de 2010.

Examinado o seu propio contido e as modificacións introducidas respecto do que foi obxecto de resolución pola anterior orde da CMATI do 27-1-2010.

E vista a proposta literal que nesta mesma data eleva a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

Pode considerarse que o novo documento agora remitido cumpre as observacións formuladas no corpo da anterior orde desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 27 de xaneiro pasado.

De conformidade co artigo 89 da LOUG, e artigo 3 do Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, a competencia para resolver sobre a aprobación definitiva dos plans xerais de ordenación municipal lle corresponde ao conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

## III. Resolución.

Con base en todo o anteriormente exposto,

### RESOLVO:

1º. Outorgar a aprobación definitiva ao Plan Xeral de Ordenación Municipal de Teo (A Coruña) de acordo co previsto na alínea 5.a) do artigo 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

2º. De conformidade co disposto polos artigos 92 da Lei 9/2002 e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril,

reguladora das bases de réxime local, o concello deberá publicar no BOP a normativa e ordenanzas do plan aprobado definitivamente.

3º. Notifíquese esta orde ao concello e publíquese no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra esta orde cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa-administrativa

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2010.

Agustín Hernández Fernández de Rojas  
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio  
e Infraestruturas

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 3 de xuño de 2010 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2010-2011, nos centros docentes sostidos con fondos públicos.*

A disposición adicional quinta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 4 de maio) establece que as administracións educativas fixarán anualmente o calendario escolar e que este comprenderá un mínimo de 175 días lectivos para o ensino obrigatorio.

Tendo en conta que as funcións de planificación, regulación e administración do ensino regrado son competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e co obxecto de fixar o calendario escolar e as actividades de fin de curso para o curso 2010-2011 nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, por proposta da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa,

### DISPOÑO:

#### CAPÍTULO I CALENDARIO ESCOLAR

#### Artigo 1º.-Aprobación.

Apróbase o calendario escolar para o curso 2010/2011 coas especificacións que se sinalan.

#### Artigo 2º.-Ámbito de aplicación.

Esta orde é de aplicación en todos os centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos.

*Artigo 3º.-Duración do curso académico.*

1. O curso académico abranguerá desde o día 1 de setembro de 2010 ata o 31 de agosto de 2011.

2. Nos primeiros días do mes de setembro e ata o día 6 como máximo realizáranse as probas correspondentes á convocatoria extraordinaria do curso 2009/2010 para o alumnado de educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

3. As sesións de avaliación e a entrega de cualificacións da devandita convocatoria extraordinaria poderán realizarse ata o día 8 de setembro, incluído.

4. Sen prexuízo do establecido no artigo 10º desta orde, nos días en que se celebren as probas extraordinarias será de aplicación o punto 107 das instrucións que regulan a organización e o funcionamento dos institutos de educación secundaria, aprobadas pola Orde do 1 de agosto de 1997 (DOG do 2 de setembro), e o punto 127 das instrucións que regulan a organización e o funcionamento dos centros públicos integrados, aprobadas pola Orde do 3 de outubro de 2000 (DOG do 2 de novembro). Para tal fin, as direccións dos centros elaborarán o correspondente horario de gardas.

5. O alumnado de educación secundaria obrigatoria e bacharelato que non puidese matricularse no prazo ordinario poderá facelo no prazo extraordinario, que rematará o día 10 de setembro de 2010, incluído.

*Artigo 4º.-Comedores escolares dos centros públicos.*

Os comedores escolares funcionarán en educación primaria desde o día 10 de setembro de 2010 ata o 22 de xuño de 2011. En educación secundaria obrigatoria funcionarán desde o 17 de setembro de 2010 ata o 23 de xuño de 2011.

*Artigo 5º.-Actividades lectivas.*

1. No 2º ciclo de educación infantil, na educación especial e na educación primaria, as actividades lectivas realizáranse do día 10 de setembro de 2010 ao 22 de xuño de 2011, ambos os dous inclusive.

2. Na educación secundaria obrigatoria, no bacharelato, en formación profesional e ensinanzas de réxime especial, as actividades lectivas realizáranse entre os días 17 de setembro de 2010 e o 23 de xuño de 2011, ambos os dous inclusive. Non obstante o anterior, para o segundo curso de bacharelato as actividades lectivas ordinarias rematarán de acordo coas datas previstas para a proba de acceso á universidade.

*Artigo 6º.-Períodos de vacacións.*

1. Nadal: desde o día 23 de decembro de 2010 ata o día 7 de xaneiro de 2011, ambos os dous inclusive.

2. Semana Santa: desde o día 18 de abril ata o 25 de abril de 2011, ambos os dous inclusive.

3. Entroido: días 7, 8 e 9 de marzo de 2011.

*Artigo 7º.-Días non lectivos.*

1. Son días non lectivos os festivos así declarados pola Consellería de Traballo da Xunta de Galicia, en exerci-

cio das competencias que lle atribúe o artigo 1.31º do Real decreto 1346/1989, do 3 de novembro (BOE do 7 de novembro) e as festas laborais de carácter local publicadas por resolución da antedita consellería.

2. Nos centros en que unha ou as dúas festas laborais de carácter local, ás cales se refire o punto anterior, non coincidan con días de clase, os consellos escolares ou, no seu defecto, os responsables dos centros de menos de tres unidades poderán solicitar, segundo proceda, un ou dous días non lectivos, que deberán preverse na programación xeral do centro, argumentando razóns de tradición, costume ou conveniencia pedagóxica. Esta petición deberá facerse antes do día 29 de outubro de 2010, perante a xefatura territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria quen, logo de informe da Inspección educativa e dos que coide oportunos, resolverá o que proceda.

É recomendable que os centros da mesma localidade elixan, de ser o caso, os mesmos días non lectivos, para o que se buscará o consenso entre todos os centros para a súa selección.

3. Ademais dos anteriores, sen prexuízo do establecido no artigo 8.2º e co fin de unificar a celebración dos patróns de cada nivel educativo, establécese o día do ensino coa consideración de non lectivo para efectos académicos e que no curso 2010/2011 se celebrará o 7 de decembro de 2010.

*Artigo 8º.-Conmemoracións.*

1. Durante o curso escolar celebráranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións:

-Do 1 ao 11 de decembro de 2010: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.

-10 de decembro de 2010: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

-30 de xaneiro de 2011: Día da Paz.

-8 de marzo de 2011: Día Internacional da Muller Traballadora.

-15 de marzo de 2011: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.

-Do 8 ao 12 de marzo de 2011: Semana da Prensa. Un día desta semana traballárase na aula con xornais.

-Entre o 12 e o 30 de abril de 2011: Día do Libro.

-7 de abril de 2011: Día Mundial da Saúde.

-9 de maio de 2011: Día de Europa.

-Do 16 ao 20 de maio de 2011: Semana das Letras Galegas.

-5 de xuño de 2011: Día Mundial do Ambiente.

2. Cando algunha das datas a que se refiren os puntos anteriores sexa sábado, domingo, festividade local ou estea incluída nalgún dos períodos de vacacións establecidos no artigo 6º desta orde, a correspondente conmemoración celebrarase o día lectivo

inmediatamente anterior ou posterior segundo estabilidade a programación xeral anual.

3. As datas a que se refire o punto 1 son lectivas para todos os efectos e nelas os centros deberán organizar actividades diversas, tendentes a salientar a importancia das referidas conmemoracións.

CAPÍTULO II  
INICIO DO CURSO

Artigo 9º.-*Actividades de programación.*

1. Desde o día 1 de setembro ata o inicio das clases, o profesorado dos centros públicos, ben individualmente, ben formando parte dos órganos de coordinación didáctica correspondentes, baixo a dirección dos seus responsables, colaborará na elaboración da programación xeral anual e na revisión dos proxectos educativos e concrecións de currículos, participará nas reunións de ciclos, departamentos, claustros e cantas outras actividades estean relacionadas coa organización do curso. Neste período os departamentos didácticos e os equipos de ciclo, baixo a coordinación e dirección da respectiva xefatura de departamento ou coordinación de ciclo, dedicaranse a elaborar a programación didáctica das ensinanzas correspondentes ao ciclo, ás áreas, materias ou módulos integrados no departamento e a organizar o curso escolar.

2. As direccións dos centros, a través da xefatura de estudos, velarán porque o profesorado realice as funcións do punto anterior.

3. Previamente ao inicio de curso, o profesorado responsable de cada departamento e da coordinación de ciclo fará entrega da programación didáctica á xefatura de estudos.

A dirección do centro remitirá as programacións docentes á inspección educativa, que comprobará a súa adecuación ao establecido nas disposicións vixentes e formulará as suxestións que coide oportunas, indicando as correccións que procedan.

4. Ao inicio de curso, o profesorado responsable de cada departamento e da coordinación de ciclo elaborará información básica relativa á programación didáctica, que dará a coñecer á comunidade educativa seguindo o procedemento establecido no centro para garantir a súa publicidade. Así mesmo, o profesorado informará o alumnado das programacións docentes da súa área ou materia. Esta información básica incluírá os obxectivos, contidos e criterios de avaliación do ciclo ou curso correspondente, os mínimos exixibles para obter unha valoración positiva, os criterios de cualificación e os procedementos de avaliación da aprendizaxe que se vaian utilizar.

Artigo 10º.-*Xornada escolar.*

1. A xornada escolar será a establecida pola lexislación vixente para cada unha das etapas e niveis.

2. Aqueles centros que combinen o servizo de transporte escolar con outros centros deberán establecer, coa autorización da xefatura territorial da Consellería

de Educación e Ordenación Universitaria, un horario que, coas adaptacións necesarias, lles permita garantir o axuste e a perfecta coordinación dos centros con este servizo. Estes centros comunicaranlle á xefatura territorial a proposta de horario escolar para o curso 2010-2011, que deberá resolver antes do inicio das clases.

3. A xornada matinal nos centros que a tivesen concedida pola xefatura territorial para os meses de xuño e setembro do ano académico 2009-2010 considérase prorrogada para o curso 2010-11 nos mesmos termos, sempre que non variasen as circunstancias en que foi concedida.

CAPÍTULO III  
FINAL DE CURSO

Artigo 11º.-*Centros que impartan educación infantil, educación primaria e educación especial.*

1. Actividades non lectivas.

O período comprendido entre o 23 e 30 de xuño de 2011, ambos os dous inclusive, será dedicado polo profesorado, entre outras actividades, a elaborar as actas de avaliación, os informes individualizados, os informes para as familias e os documentos de avaliación que corresponda. O profesorado dedicará especial atención á análise e valoración de resultados da avaliación do rendemento académico do alumnado. Todo o profesorado dos centros públicos permanecerá no centro ata o día 30 de xuño de 2011 inclusive.

Nese período de tempo, logo de autorización da inspección educativa, a dirección poderá adecuar o horario do profesorado de acordo coas actividades programadas.

2. Atención ás reclamacións contra as cualificacións ou decisións de promoción.

Sen prexuízo do anterior, as direccións dos centros deben garantir a atención ás reclamacións contra as cualificacións finais ou decisións de promoción, realizadas dentro dos prazos previstos no punto 11 do capítulo IV do anexo á Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios rurais agrupados, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 2 de setembro), para o alumnado de educación infantil e primaria.

Artigo 12º.-*Centros que imparten educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensinanzas de réxime especial.*

1. Calendario final do curso.

Os claustros dos centros sinalados elaborarán un calendario das actividades docentes para o final de curso 2010/2011, de acordo coas instrucións que seguen.

As direccións dos centros citados enviaranlles aos servizos provinciais de Inspección educativa, antes

do día 1 de maio de 2011, un resumo do calendario aprobado polo claustro conforme os modelos recollidos nos anexos I, II, III ou IV. As inspeccións comunicaranlles as modificacións, se for o caso, os centros en que proceda antes do 15 de maio de 2011 para que as direccións as dean a coñecer ao profesorado para o seu cumprimento.

Ademais das actividades docentes lectivas, o calendario aprobado polo claustro deberá incluír as actividades docentes referidas ás probas de avaliación, sesións de avaliación conxunta, recuperacións e cantas outras actividades estean relacionadas co final de curso.

## 2. Probas finais.

2.1. O alumnado da ESO con disciplinas pendentes de cursos anteriores será convocado, de ser o caso, a unha proba final durante o mes de maio de 2011.

2.2. O alumnado de 2º de bacharelato con disciplinas pendentes de cursos anteriores será convocado, de ser o caso, a unha proba final adecuándose ás datas previstas para a proba de acceso á universidade.

2.3. Naqueles centros ou ensinanzas que prevegan a realización de probas, a dirección do centro deberá propor as datas correspondentes á xefatura territorial, para a súa autorización.

## 3. Sesións de avaliación.

3.1. As sesións de avaliación final do alumnado da ESO, do primeiro curso de bacharelato e do primeiro curso de formación profesional deberán realizarse a partir do día 23 de xuño de 2011.

3.2. As sesións de avaliación final do alumnado do segundo curso de bacharelato adecuaranse ás datas previstas para a proba de acceso á universidade.

3.3. As sesións de avaliación final do alumnado do primeiro curso de programas de cualificación profesional inicial realizaranse a partir do 26 de maio.

3.4. Para as sesións de avaliación final do resto do alumnado, a dirección do centro deberá propor as datas correspondentes á xefatura territorial para a súa autorización.

## 4. Horario do profesorado.

4.1. Unha vez realizadas as avaliacións finais do segundo curso de bacharelato, impartiranse as clases nas disciplinas obxecto da proba de acceso á universidade ata a realización da citada proba. Con este fin, quedan autorizadas as direccións dos centros para introducir modificacións nos horarios do profesorado e grupos de alumnado afectados, asignándolle ao profesorado as horas en que deixen de impartir a súa materia a tarefas da súa responsabilidade, segundo o cargo ou posto que desempeñe, incluídas as gardas que se consideren necesarias.

4.2. Unha vez realizada a avaliación final de módulos obrigatorios dos programas de cualificación profesional inicial, impartiranse clases para a preparación das probas de acceso a ciclos de grao medio, para a iniciación aos módulos voluntarios do segundo curso do programa e para o reforzo dos módulos específicos, ata o día 23 de xuño. Con este fin, quedan autorizadas as direccións dos centros para introducir modificacións nos horarios do profesorado e grupos de alumnado afectados, asignándolle ao profesorado as horas en que deixen de impartir a súa materia a tarefas da súa responsabilidade, segundo o cargo ou posto que desempeñe, incluídas as gardas que se consideren necesarias.

4.3. Así mesmo, quedan autorizadas as direccións dos centros para introduciren modificacións nos horarios do profesorado afectado pola formación en centros de traballo, asignándolle tarefas da súa responsabilidade nas horas en que deixe de impartir os módulos da súa competencia, segundo o cargo ou posto que desempeñe, incluídas as gardas que se consideren necesarias.

4.4. Sen prexuízo do expresado nos puntos 4.1 ao 4.3 anteriores, o profesorado dos institutos de educación secundaria seguirá cumprindo o seu horario lectivo ata o día 23 de xuño de 2011 incluído. A partir dese día e ata o día 30 inclusive, as direccións dos institutos de educación secundaria poderán modificar os horarios do profesorado para adecualos ás actividades establecidas no calendario aprobado polo claustro e aceptado pola inspección educativa (entrega de cualificacións, atención a reclamacións e cantas outras actividades estean relacionadas co final de curso).

O profesorado dedicará especial atención á análise e valoración de resultados da avaliación do rendemento académico do alumnado, que deberá incluírse na memoria final de curso coas propostas de mellora que correspondan. Así mesmo, esta memoria incluírá propostas de modificación ás programacións docentes, especialmente no que se refire a mínimos exixibles, estratexias metodolóxicas e criterios de cualificación, promoción e titulación.

4.5. Durante o mes de xuño, as direccións dos centros públicos de ensinanzas de réxime especial poderán adaptar os horarios dos profesores ás necesidades específicas de cada centro. Tal adaptación non poderá supor variación do número global de horas semanais de permanencia no centro previsto no horario lectivo de cada profesor.

5. Atención ás reclamacións contra as cualificacións ou decisións de promoción.

As direccións dos centros deben garantir a atención ás reclamacións contra as cualificacións finais, de conformidade co procedemento establecido na

seguinte normativa ou na normativa posterior que a substitúa e na que lle resulte de aplicación:

Orde do 28 de agosto de 1995 pola que se regula o procedemento para garantir o dereito dos alumnos de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato a que o seu rendemento escolar sexa avaliado conforme criterios obxectivos (BOE do 20 de setembro), para educación secundaria obrigatoria e primeiro curso de bacharelato.

Orde do 22 de abril de 2010 pola que se establece o procedemento que cómpre seguir nas reclamacións das cualificacións outorgadas no segundo curso do bacharelato establecido na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 4 de maio), para o 2º curso de bacharelato.

Orde do 30 de xullo de 2007 pola que se regula a avaliación e acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas de formación profesional inicial (DOG do 9 de agosto), para formación profesional.

Orde do 25 de abril de 2007 pola que se regula a avaliación, a acreditación académica e a mobilidade do alumnado que cursa as ensinanzas superiores de artes plásticas e deseño e as de conservación e restauración de bens culturais na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9 de maio), para as ensinanzas superiores de artes plásticas e deseño e as de conservación e restauración de bens culturais.

Orde do 11 de febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de danza que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 25 de maio), para as ensinanzas profesionais de danza.

Orde do 8 de febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 26 de maio), para as ensinanzas profesionais de música.

Orde do 30 de maio de 2008 pola que se regula a avaliación das ensinanzas conducentes á obtención dos títulos de técnico deportivo e técnico deportivo superior na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 19 de xuño), para ensinanzas técnico deportivas.

Orde do 8 de setembro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación (DOG do 26 de setembro), para ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial.

Orde do 1 de decembro de 2008 pola que se regula a organización, a avaliación e a acreditación académica das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia

(DOG do 9 de decembro), para ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño.

Orde do 24 de xullo de 1991 pola que se regula a organización das actividades docentes nos centros de bacharelato, formación profesional e institutos de educación secundaria e profesional (DOG do 28 de agosto), no punto 10.2º, para o restante alumnado de ensinanzas de réxime especial.

#### Artigo 13º.-*Actas de avaliación final.*

1. As secretarías dos centros deberán remitirle á xefatura territorial correspondente fotocopias autenticadas das actas de avaliación final de todos os cursos do seu centro e dos centros privados adscritos, de ser o caso, antes do día 15 de xullo de 2011.

2. As actas correspondentes aos cursos que teñan convocatoria extraordinaria (setembro) enviaranse antes do día 15 de setembro de 2011.

#### CAPÍTULO IV

##### OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### Artigo 14º.-*Memorias de fin de curso.*

1. As direccións dos centros que impartan educación infantil e/ou educación primaria enviaranlle ao servizo territorial de inspección educativa respectivo, antes do día 10 de xullo de 2011, a memoria anual do centro a que se refire o punto 5 do capítulo I do anexo á Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos organizativos e de funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios rurais agrupados, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 2 de setembro).

2. As direccións dos centros públicos integrados enviaranlle, antes do 10 de xullo de 2011, ao servizo territorial de inspección educativa respectivo, a memoria anual do centro a que se refire o punto 43 das instrucións que regulan a organización e o funcionamento dos centros públicos integrados, aprobadas pola Orde do 3 de outubro de 2000, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias (DOG do 2 de novembro).

3. As direccións dos institutos de educación secundaria enviaranlle ao Servizo Territorial de Inspección Educativa, antes do día 10 de xullo de 2011, a memoria anual do centro a que se refire o punto 43 das instrucións que regulan a organización e o funcionamento dos institutos de educación secundaria, aprobadas pola Orde do 1 de agosto de 1997 (DOG do 2 de setembro).

4. As direccións dos centros de ensinanzas de réxime especial, en aplicación da disposición transitoria primeira da Orde do 1 de agosto de 1997, elaborarán ao longo do mes de xuño de 2011, logo do informe dos respectivos claustros, unha memoria que recolla

o grao de consecución dos obxectivos fixados na programación xeral anual, as dificultades atopadas e as medidas correctoras introducidas, de ser o caso. A devandita memoria, con informe do consello escolar do centro, enviarase ao Servizo Provincial de Inspección antes do 10 de xullo de 2011 e terase en conta á hora de elaborar a programación do curso seguinte, sobre todo para programar novamente obxectivos non acadados ou acadados parcialmente no curso anterior, e artellar novos medios para logralos.

#### *Disposicións adicionais*

##### *Primeira.-Modificación do calendario escolar e comedores escolares.*

As xefaturas territoriais, por circunstancias concretas de organización, poderán autorizar a modificación das datas de comezo e remate das actividades lectivas e de funcionamento dos comedores escolares.

Calquera modificación que se lle precise facer ao calendario escolar deberá ser solicitada, polo menos con quince días de antelación, polo centro interesado á xefatura territorial que, logo do informe da Inspección educativa e dos que coide oportunos, resolverá o procedente.

##### *Segunda.-Período de adaptación do alumnado de educación infantil que se incorpora por primeira vez ao centro.*

O período de adaptación do alumnado de educación infantil que se incorpora por primeira vez ao centro, a que se refiren o punto 1.8º do capítulo VI do anexo á Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos organizativos e de funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios rurais agrupados, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 2 de setembro), e o punto 53 das instrucións que regulan a organización e o funcionamento dos centros públicos integrados, aprobadas pola Orde do 3 de outubro de 2000, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias (DOG do 2 de novembro), terá a mínima duración posible que permita acadar os seus obxectivos e non se poderá prolongar con posterioridade ao 24 de setembro de 2010.

#### *Disposición derradeira*

##### *Única.-Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2010.

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

#### *ANEXO I*

##### **Resumo do calendario de actividades de xuño.**

##### **Curso 2010/2011**

O/a director/a do IES/CPI/CIFP ..... pon no seu coñecemento que o calendario de actividades docentes programadas para o final do curso, aprobado polo claustro, recolle o seguinte:

Para a ESO	As datas das sesións de avaliación final serán do      ao O último día de clase será o
Para 1º curso de bacharelato	As datas das sesións de avaliación final serán do      ao O último día de clase será o
Para 2º curso de bacharelato	As datas das sesións de avaliación final serán do      ao O último día de clase será o
Para 1º curso de formación profesional	As datas das sesións de avaliación final serán do      ao O último día de clase será o
Para 2º curso de formación profesional nos ciclos de 2000 horas	As datas das sesións de avaliación final serán do      ao O último día de clase será o
Para 1º curso de programas de cualificación profesional inicial	As datas das sesións de avaliación final serán do      ao As datas das sesións de avaliación final extraordinaria serán do      ao O último día de clase será o

....., ..... de ..... de 2011.  
O/a director/a,

Asdo.: .....

Inspector/a de Educación

#### *ANEXO II*

##### **Resumo do calendario de actividades de xuño.**

##### **Curso 2010/2011**

O/A director/a da Escola de Arte e Superior de Deseño..... /Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais pon no seu coñecemento que o calendario de actividades docentes programadas para o final de curso, aprobado polo claustro, recolle o seguinte:

O último día de clase será o
As datas das sesións de avaliación final serán do      ao

....., ..... de ..... de 2011.

O/A director/a,

Asdo.: .....

**ANEXO III****Resumo do calendario de actividades de xuño.****Curso 2010/2011**

O/a director/a da Escola Oficial de Idiomas .....  
pon no seu coñecemento que o calendario de actividades  
docentes programadas para o final de curso, aprobado polo  
claustro, recolle o seguinte:

O último día de clase será o
As datas das probas da convocatoria ordinaria de xuño serán do      ao

..... de ..... de 2011.

O/a director/a,

Asdo.: .....

Inspectora de Educación

**ANEXO IV****Resumo do calendario de actividades de xuño.****Curso 2010/2011**

O/a directora do Conservatorio de Música/Conservatorio de  
Danza .....  
pon no seu coñecemento que o calendario de actividades  
docentes programadas para o final de curso, aprobado polo  
claustro, recolle o seguinte:

O último día de clase será o
As datas da avaliación conxunta dos alumnos serán do      ao
As probas de acceso realizaranse do      ao

..... de ..... de 2011.

O/a director/a,

Asdo.: .....

Inspector/a de Educación

**CONSELLERÍA DE CULTURA  
E TURISMO**

*Orde do 28 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos con destino ao apoio ás festas populares e a outros eventos de contido turístico, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (CT982D).*

Un dos principais recursos turísticos de Galicia é o seu patrimonio cultural material e inmaterial.

Galicia ten unha cultura propia arraigada nos nosos pobos e xentes que se amosa cada ano amable ao visitante foráneo a través das diferentes manifestacións festivas que teñen lugar ao longo do ano por toda a xeografía galega.

Nestas manifestacións culturais e lúdicas cada concello presenta o mellor de si mesmo aos participantes organizando xornadas sobre a gastronomía, a artesanía ou as tradicións máis salientables.

Por iso a Secretaría Xeral para o Turismo considera que as festas dos nosos concellos son un recurso que hai que manter e potenciar, especialmente aquelas que polas súas características e singularidades teñen un recoñecemento e prestixio a nivel autonómico, estatal ou internacional xa que a súa celebración provoca un importante pulo de atracción turística.

Así, para os efectos de axudar á mellora global da oferta turística de Galicia é polo que, con cargo aos créditos orzamentarios da Consellería de Cultura e Turismo asignados para esta finalidade, con base no establecido sobre medidas de fomento nos artigos 54 e 55 da Lei 14/2008, do 3 de decembro, de turismo de Galicia, de acordo co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, convócanse axudas destinadas ao apoio a festas populares e outros eventos turísticos para o ano 2010.

Por iso, no uso das facultades que me foron conferidas, segundo os artigos 34 e 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, reformada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

**DISPOÑO:****Artigo 1º.-Convocatoria e bases reguladoras.**

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases, que se inclúen como anexo I, por que se rexerá a concesión das subvencións da Consellería de Cultura e Turismo, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas aos concellos galegos para o apoio, promoción e difusión de festas, romarías, exposicións, festivais, certames, congresos e outros eventos similares de interese turístico para a Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as devanditas subvencións para o ano 2010.

**Artigo 2º.-Solicitudes.**

Para poder ser beneficiario das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II desta orde, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 4º das bases reguladoras.

En caso de dúbida ou necesidade de máis información, poderán dirixirse á Secretaría Xeral para o Turismo por medio do teléfono 981 54 63 60 o 981